



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE 2017

NÚM. 05/2017

SRES/RAS ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Amancio Lavandeira Suárez

CONCELLEIROS

D. Abrahán Gerpe Muñiz
D^a Laura Tasende Cancela
D. Manuel Andrés Díaz Abeledo
D^a M^a Dolores Taibo Lavandeira
Da. Verónica Facal Rodríguez
D. Antonio Pensado Plágaro
D^a Clarisa Couto Castro
D. Luis Souto Gómez
D. Emilio Fondo Novo

NON ASISTEN

D^a Laura Mariño Taibo
D. Juan García Velo
D^a María Ángeles Gema Eiroa Villar

SECRETARIA

D^a. M^a del Carmen Seoane Bouzas

No salón de Plenos da Casa Consistorial de Coristanco, sendo as 20:00 horas do día vinte e seis de abril de 2017, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Amancio Lavandeira Suárez, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS SESIÓNS DO 22.02.2017 E 24.02.2017.

Pola Presidencia pregúntase aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións celebradas o 22.02.2017 e 24.02.2017.

O voceiro do PP manifesta que é a segunda vez que na redacción da acta non se recolle a explicación que realiza das preguntas, só as preguntas.

Non habendo máis observacións, quedan aprobadas as actas das devanditas sesións, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



A continuación introdúcese pola vía d urxencia o seguinte punto da orde do día:

2.- PAGO FACTURA

O Sr. Alcalde explica que para non demorar mais o pago se introduce de urxencia o expediente.

O voceiro do PP pregunta se se refire a todas as facturas ou a unha sóa.

O Sr. Alcalde responde que é de unha empresa.

A continuación procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (TeGa).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 5 (4 PP e 1 PSOE).

Ao resultar empate procédese á votación da urxencia novamente, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (TeGa).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 5 (4 PP e 1 PSOE).

Resultando aprobada a urxencia polo voto de calidade do Alcalde, a favor da mesma.

Intervén o voceiro do PP para aclarar que o seu grupo non pode aprobar a factura porque se inclúe sen máis no pleno e se unen ao informe que realiza a interventora municipal. Lle pide ao Sr. Alcalde que convoque a Comisión Informativa.

O concelleiro do PSOE manifesta que existen máis facturas pendentes e que o informe da interventora é demoledor, ademais de non existir albarán de entrega e de poder unirse por convenio á licitación que para esa clase de subministros ten feita xa a Deputación.

O Sr. Alcalde aclara que había uns equipos antigos e que a maior parte xa non funcionaban correctamente, polo que aproveitando que había unha traballadora coa titulación de técnico d informática se lle consultou.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (TeGa).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 5 (4 PP e 1 PSOE).

Ao resultar empate procédese á votación novamente, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (TeGa).
- Abstencións: ningunha.

R.E.L. nº 01150294



- Votos en contra: 5 (4 PP e 1 PSOE).

Resultando aprobado o seguinte acordo polo voto de calidade do Alcalde, a favor do mesmo:

Primeiro.- Levantar o reparo efectuado pola Intervención Municipal con data 21 de abril de 2017, respecto da aprobación da factura número número 1700001

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto, e recoñecer a obriga derivada da aprobación da seguinte factura,

| R.E | PROVEEDOR | CIF | CONCEPTO | IMPORTE |
|--------------|-----------|-----|--|------------|
| 201701466299 | | | ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO | 9.229,76 € |

Terceiro.- Ordenar o pagamento da factura sinalada no punto anterior polo importe indicado.

Cuarto.- Dar traslado do contido da presente Resolución aos Departamentos de Intervención e Contabilidade aos efectos oportunos.

3.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 01.03.2017 (NÚM. 189) ATA O 19.04.2017 (NÚM. 352).

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 1 de marzo de 2017 (número 189) ata o 19.04.2017 (número 352), que foron postas de manifesto á secretaria da corporación.

O voceiro do PP expresa que están preocupados porque se están a devolver subvencións en relación á xente máis necesitada.

O Sr. Alcalde preguntalle que número de resolución é á que fai referencia.

O Sr. Pensado contéstalle que a 299. Continúa sinalando que a 297 é unha multa de tráfico dun policía por velocidade. Manifesta que de cursos de medio ambiente devolvéronse 1.250 €.

O Sr. Alcalde replícalle que posiblemente terán que devolver subvencións, pero non depende só de un, e algúns casos dos que citou son da época do PP, por exemplo a de 21 de abril de 2015, que pediu e non executou.

O voceiro do PP dille que leva dous anos e hai cousas que non as cre ninguén.

O concelleiro do PSOE expresa que na resolución 297 non entende como se paga unha multa de circulación con cargo a fondos públicos, e aínda nen sequera en prazo. A continuación le a dilixencia



de secretaría que obra na resolución de alcaldía e sinala que supostamente existe un informe de intervención.

A continuación o Sr. Alcalde explica que se trata dun dos coches que se emprega na brigada e que naquel momento non estaba identificado o traballador que o empregou, pero agora si se identifican os traballadores e días que empregan os vehículos municipais.

B.- MOCIONES.

Non se presenta ningunha moción de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

O PP presenta as seguintes preguntas:

1) A presentada no rexistro de entrada o 26.04.2017 (NRE 1587): "...Alumbrado público". A continuación o Sr. Pensado pide que conste en acta que non lle van permitir ao Alcalde quitar alumbrado en calquera núcleo que reduza a visibilidade. Di que non hai máis que ir polas parroquias para ver como está o alumbrado.

2) A presentada no rexistro de entrada o 26.04.2017 (NRE 1582): "...Situación da demanda de Aquagest o concello".

3) A presentada no rexistro de entrada o 26.04.2017 (NRE 1581): "...Estado de execución do POS 2015". Dille ao Sr. Alcalde que se é que lle queda algún técnico, o que fixo a certificación que a revise e faga unha nova segundo o proxecto aprobado polas dúas administracións.

4) A presentada no rexistro de entrada o 26.04.2017 (NRE 1585): "...Ten algún plan de iniciativas para Coristanco".

5) A presentada no rexistro de entrada o 26.04.2017 (NRE 1583) "...Situación dos servizos de limpeza dos colexios". Manifesta que quere que se informe de como está a denuncia por falta de limpeza do xulgado de paz e situación da indemnización a esas traballadoras.

6) A presentada no rexistro de entrada o 26.04.2017 (NRE 1584) "...Situación do POS + 2017".

7) A presentada no rexistro de entrada o 26.04.2017 (NRE 1586) "...Contribución ano 2017".

8) A presentada no rexistro de entrada o 26.04.2017 (NRE 1588) "...Pérdida de subvencións". Expresa que está facendo dano a Coristanco e lle pide que traballe máis.

O Sr. Alcalde dille que pida a facturación de Fenosa polos cauces legais. Recorda que moitos deses focos que se puxeron no seu momento non era en vías públicas, e o tema non vai coa rapidez que quixeran. Respecto a Aquagest dille que o procedemento está aberto e cando conclúa xa se lle dará información. E segundo a reclamación que fan se lle quedou a deber un capital moi importante, en torono aos 170.000 €, e o Concello o que fixo foi non acepta riso.



A continuación se fai un receso por indisposición e asistencia á concelleira M^a Dolores Taibo Lavandeira, sendo as 20 horas e 40 minutos.

Ás 21 horas e 10 minutos o Sr. Alcalde manifesta que se levanta a sesión porque van a acompañar ao centro meico á Concelleira.

O Sr. Plágaro intervén para manifestar que lle desexan unha pronta recuperación.

O Sr. Alcalde di que deixa as respostas ás preguntas para o seguinte pleno.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 15 minutos do día 26 de abril de 2017, do que como Secretaria dou fe e certifico.

V^o B^o
O Alcalde,

Amancio Lavandeira Suárez